


PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (PLC) IES DE ARZÚA



CURSO 2019 - 2020



ESTRUTURA DO PROXECTO

- 1. ANÁLISE SINTÉTICA DA REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA DO IES DE ARZÚA**
- 2. OBXECTIVOS DO NOSO PLC**
- 3. MEDIDAS PARA QUE O ALUMNADO QUE DESCOÑEZA OU TEÑA INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS VEHICULARES DO ENSINO, E NOMEADAMENTE O GALEGO, POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINAZAS QUE SE LLE IMPARTEN**
- 4. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O FOMENTO DO PLURILINGÜISMO**
- 5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**
- 6. ANEXOS**



1. ANÁLISE DA REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA DO IES DE ARZÚA

1.1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

1- Contexto sociolingüístico do Centro

O IES de Arzúa está situado na rúa do Castro s/n da Vila de Arzúa.

O concello de Arzúa ten, segundo o censo de 2016, unha poboación de 6.211 habitantes, 3092 homes e 3119 mulleres.

O Concello de Arzúa ten no seu casco urbano uns 2.600 habitantes.

A Vila de Arzúa funciona como cabeceira dunha comarca duns 17.000 Habitantes, que inclúe os concellos de O Pino, Boimorto, Touro e Arzúa.



Os concellos de procedencia maioritaria do alumnado do IES de Arzúa son, Boimorto e Arzúa.

O resto do alumnado procede de O Pino, Touro, Vilasantar, Sobrado dos Monxes, Toques, Melide e Santiso.

No presente curso 2016-17 hai un total de 296 alumnos/as, distribuídos da seguinte maneira:

- Fp Básica de Agroxardinaría e composicións florais - 14 alun@s.

- Ciclos Fomativos - 86 alun@s.


Ciclo medio Aproveitamento e Conservación do medio Natural.

Ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural.

Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

- ESO - 153 alun@s

- Bacharelato - 65 alun@s



A dotación de profesorado para curso 2016-17 é de 48 profesores e profesoras.

O alumnado do IES reside, maioritariamente, no medio rural, un 75 %. O 25 % restante vive en vilas, principalmente en Arzúa.

A presenza, no IES de Arzúa de alumnado inmigrante que descoñece tanto o galego como o castelán é en xeral reducida.

No segundo trimestre do curso 2016-2017 o ENDL do IES de Arzúa, realizou un estudo sociolingüístico seguindo a metodoloxía proposta na *Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Xunta de Galicia. 2007.*

Traballouse con tres mostras:



- Enquisa Sociolingüística 2016-2017 - Alumnado
- Enquisa Sociolingüística 2016-2017 - Profesorado
- Enquisa Sociolingüística 2016-2017 - Persoal non docente


Os datos do indicador sociolingüístico *I1- Contexto sociolingüístico do Centro*, constatan que o Centro sitúase nun contexto con claro predominio do galego.

A puntuación obtida no índice *I1- Contexto sociolingüístico do Centro* foi de 3.85.

Poderíase corrixir tendo en conta datos do Consello da Cultura Galega, o que daría un índice *I1- Contexto sociolingüístico do Centro* de 3.92

O 4 indicaría predominio do galego e 5 só galego.





1.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO.

I 2 - A Situación do Profesorado

Das enquisas realizadas ao profesorado, considérase importante salientar os seguintes resultados:

1. Na lingua habitual do profesorado non existe predominio da lingua galega: 3.0

Unha puntuación de 4 indicaría predominio do galego.

2. A capacitación do profesorado para empregar o galego na actividade docente é alta: 3.94

Unha puntuación de 3 indica capacidade media e 4 alta.

3. A disposición é un valor que consideramos que require unha análise complexa, mostra que a dispoñibilidade é moderada con tendencia a boa, a puntuación obtida no Indicador foi de 3.53

Unha puntuación de 3 indica disposición media e 4 disposición alta.


4. Actitudes sobre a normalización do galego, a actitude do profesorado cara á normalización social da lingua é favorábel achegándose a moi favorábel: 4.9.

Unha puntuación 3 indica actitude indiferente, 4 favorábel e 5 moi favorábel.

5. Actitudes sobre o galego no ensino, a actitude do profesorado de cara á utilización da lingua galega no ámbito educativo: 4.65.

Unha puntuación de 4 indica actitude favorábel e 5 moi favorábel.

A puntuación obtida no Indicador sociolingüístico I2 foi de 3.86



1.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO.

I 3 - A situación do alumnado

O terceiro indicador sociolingüístico I3 , presenza do galego na vida do alumnado, sinala que a presenza do galego na vida do alumnado é boa.

A puntuación obtida no índice *I 3 - A situación do alumnado* foi de 4.01.

Unha puntuación de 4 indica presenza boa e 5 presenza plena.


Salientamos que a puntuación máis alta obtívose no ítem 4. Competencia comunicativa, 4.31, superando lixeiramente ao ítem 3. Lingua habitual no centro, 4.09.

Unha puntuación de 4 indica predominio do galego e 5 só galego.

O ítem 1. Lingua habitual, 3.93, supera ao uso do ítem 2. Língua no ámbito familiar 3.76

Nos ítems relacionados con actitudes sobre o galego, as puntuacións sitúanse arredor do 4, o que indicaría unha clara actitude a normalización do idioma e a súa inclusión no ensino.

Destácase como dato positivo que a primeira lingua da maioría do noso alumnado aínda segue a ser o galego, polo tanto aínda non se quebrou no noso caso a transmisión xeracional.




1.4. AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

I 4 -Ambientalidade lingüística do Centro

O cuarto indicador sociolingüístico *I4 - Ambientalidade lingüística do Centro*, valora a presenza ambiental do galego no Centro

A puntuación obtida neste indicador é de 3.81 o que indica unha presenza ambiental ampla.

Unha puntuación de 3 indica contorno con similar presenza das dúas linguas, o 4 indica contorno con predominio do galego, con presenza ampla e 5 presenza plena.



1.5. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Dos resultados anteriores resulta un contorno sociolingüístico do centro moi próximo ao predomio do galego.

A puntuación obtida no Indicador Global é igual a 3.89

Unha puntuación de 3 indica contorno con similar presenza das dúas linguas e 4 indica contorno con predominio do galego.

No cálculo do indicador global obtense tendo en conta:

I. Contexto sociolingüístico do centro.....10

I1 - Contexto sociolingüístico do Centro - 3.85

II. A situación do profesorado.....40

I2 - A situación do profesorado - 3.86


III. A situación do alumnado.....30

I3 - A situación do alumnado - 4.01

IV. A ambientalidade lingüística do centro.....20

I4 - A ambientalidade lingüística do centro - 3.81

$$I1 \times 0'10 + I2 \times 0'40 + I3 \times 0'30 + I4 \times 0'20 = \underline{\underline{3.89}}$$



2. INTERPRETACIÓN DA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA 2016-2017

A continuación, desglósanse as interpretacións resultantes das enquisas sociolingüísticas 2016/17, no IES de Arzúa, polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega

2.1. Etapa da ESO

Un alumnado MAIORMENTE nado en Galiza, e co galego como lingua materna, expresa que sempre, e nos seus desiguais contextos sociais - familia, amizades, instituto, vila -, EMPREGAN VANTAXOSAMENTE o galego por diante do castelá, en claros termos porcentuais.

Asemade acontece o mesmo nas canles das súas aprendizaxes académicas, polo que cómpre sinalar que o pulo das súas competencias medra principalmente a traves do galego.

Autopercíbense máis solventes nesta lingua ca no castelá (falándoa, entendéndoa, léndoa, escribíndoa e, en definitiva, aprendendo nela).

Tamén é unha mostra poboacional atenta a tódalas vías de información que lles comunique mensaxes na lingua materna, alén das aulas (taboleiros e rótulos dos corredores), e que coñece os seus dereitos a seren formados/as e informados/as en galego.

Porén esta tendencia invírtese no uso das TICS e na escolla dos mass-media, eidos nos que adquire vantaxe estatística a lingua castelá.

Así e todo proxéctanse optimistamente no que atinxe á conservación do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos.


2.2. Etapa de BACHARELATO

A interpretación cualitativa das respostas destes/as escolares cáse que é idéntica á da ESO. Non así, a lectura cuantitativa dunhas porcentaxes que sempre se resolven máis altas nesta etapa ca na ESO, e daquela sitúan ao galego nunha posición altamente vantaxosa fronte ao castelá.

Os valores expresan unha suba significativa, mesmo no espazo das TICS, no que a diferenza da ESO, e así estes/as usuarios/as "NAVEGAN" o dobre en lingua galega.

Pola contra, aínda prevalece claramente o castelá na escolla dos mass-media para informarse da actualidade.

E aínda se proxectan con máis optimismo "porcentual" na conservación do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos.



2.3. Etapa CB AGRARIA

A interpretación cualitativa das respostas destes/as escolares é semellante á da ESO, agás nalgúns ítems da enquisa; pois este colectivo non só afirma un uso maior do galego na “REDE”, se non que ademáis, tamén o galego prevalece na escolla dos mass-media para informarse da actualidade.

Tamén reflicten unha inclinación claramente favorábel a ler máis galego ca castelá, feito que non acontecía en ninguna das dúas anteriores etapas.

Coinciden na expectativa do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos/as.

2.4. Etapa do CM de AGRARIA

Novamente esta mostra poboacional admite un uso maior do galego na “REDE”, e tamén o galego prevalece na escolla dos mass-media para informarse da actualidade.

Vólvese ver aquí unha inclinación claramente favorábel a ler máis galego ca castelá. E por suposto comprobamos que, neste treito educativo vóltanse reproducir as realidades sociolingüísticas descritas nos tres primeiros parágrafos da ESO. De novo agroma nel@s a expectativa do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos/as.


2.5. Etapa do CS de AGRARIA

Este segmento anova as porcentaxes ALTAMENTE FAVORÁBEIS ao uso maioritario do galego en tódalas categorías rexistradas na enquisa; tanto naquelas que abranguen a formación propiamente académica, no devalo da xornada escolar (nas que se declaran sobranceiramente competentes neste idioma), coma naquelas outras presentes no día a día: uso das TICS, escolla dos mass-media para informarse da actualidade, e inclinación claramente favorábel a ler máis galego ca castelá.

De novo xorde del@s a expectativa do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos/as.

2.6. Etapa do CS de ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Segue a ser un alumnado MAIORMENTE nado en Galiza, e co galego como lingua materna. Decote, e nos seus desiguais contextos sociais - familia, amizades, vila - EMPREGA VANTAXOSAMENTE o galego por diante do castelá, en claros termos porcentuais.



Esencialmente este grupo repite as tendencias favorábeis á lingua galega en case tódolos seus usos e máis nos seus contextos. Nembargantes apuntan algunhas diferenzas: unha tendencia superior a escribir en castelá, así como a desenvolve-los exames tamén nesta lingua. Pois engaden que cren escribir mellor en castelá, e ademáis adoitan ler bastante máis nela que en galego.

Pola contra, apréciase un uso maioritario do galego nas categorías presentes no día a día: uso das TICS, escolla dos mass-media para informarse da actualidade.

Corroboran a tendencia a crer na expectativa do galego como a súa 1ª lingua, cando sexan adultos/as.


E XA PARA REMATAR, paga a pena deterse nun ítem que tenta pescuda-la esperanza de vida que intúen para o galego falado na Comunidade Autónoma de Galiza, nun prazo de oitenta e tres anos.

Curiosamente o alumnado da ESO sospeita dunha relativa vantaxe do castelá sobre o galego.

Os/as bachareles e o CB de Agraria albiscan con moito máis pesimismo a saúde presencial do galego.


Muda claramente a percepción deste feito no alumnado do CM de Agraria, que pronostica un emponderamento maioritario do galego fronte ao castelá.

E finalmente, ámbolos dous CS das FP de Agraria e Administración só prevén unha cómoda vantaxe do galego nestes termos.



3. OBXECTIVOS DO NOSO PLC

- Garantir que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.
- Garantir que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira plena competencia en galego, de maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.
- Garantir que o alumnado adquira tamén plena competencia en castelán.
- Garantir que o alumnado adquira a competencia estábelcida no currículo para as linguas estranxeiras.
- Pretendemos facilitarlle ao alumnado unha boa competencia plurilingüe baseada no coñecemento e no respecto dos elementos culturais e dos sinais de identidade que cada lingua representa, contemplando así o plurilingüismo no contexto do pluriculturalismo: a lingua é un medio de acceso ás manifestacións culturais que representa.
- Enfocar a aprendizaxe das linguas como instrumento de coñecemento e vehículo de comunicación, informacións e transmisión.
- Incentivar a curiosidade polas linguas e polo seu funcionamento sendo quen de estábelcer comparacións que faciliten o coñecemento e a aprendizaxe autónoma.
- Estábelcer propostas didácticas integradoras das distintas linguas que se imparten no centro para asegurar a transferencia de saberes entre elas.
- Formar ao alumnado para a convivencia coas distintas linguas e culturas, potenciando a constitución da súa propia identidade, mediante un profundo coñecemento da lingua e cultura do seu país.
- Conseguir que todo o alumnado, sen discriminación, acade as competencias lingüísticas básicas, imprescindíbeis para levar a cabo calquera outra formación, para a integración no mundo laboral e o seu desenvolvemento persoal.
- Fomentar o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista na comunidade educativa. Utilización de fórmulas xenéricas en substitución do masculino xenérico e fórmulas que inclúan o feminino no caso de non encontrar fórmulas xenéricas para ambos sexos.



4. MEDIDAS PARA QUE O ALUMNADO QUE DESCOÑEZA OU TEÑA INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS VEHICULARES DO ENSINO, E NOMEADAMENTE O GALEGO, POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINAZAS QUE SE LLE IMPARTEN

O noso sistema educativo baséase na concepción da educación para todos e todas. Este principio educativo de igualdade implica a dotación de recursos e medidas para atender a diversidade: reforzo educativo e outras medidas que están recollidas no Plan de Atención á Diversidade.


Ademais diso, o noso currículo deberá ser flexíbel para adaptarse ás características do noso alumnado. Así, o profesorado que imparta clases a grupos nos que hai alumnado con pouca competencia lingüística, deberá buscar estratexias e materiais para que todo o alumnado poida seguir o desenvolvemento das actividades lectivas con normalidade, así como propor grupos de traballo flexíbeis, ralentizar o ritmo de introdución de novos contidos e propor actividades de aprendizaxe diferentes. Materiais da propia biblioteca do centro e da rede poden axudar nesta tarefa. Citaranse algúns nos anexos a este PLC.

Existen tamén unha serie de posibilidades de carácter xeral encamiñadas á consecución dunha maior competencia lingüística. Algunhas poderían ser:


- Formación, asesoramento e modificación de actitudes do profesorado.
- Información ás familias.
- Aproveitamento do contorno como axente educativo.
- Aproveitamento do centro como espazo comunicativo (biblioteca, conferencias, teatro, música...)
- Intercambio de experiencias con outros centros.
- Actividades extraescolares. As actividades complementarias e extraescolares poden ser un medio adecuado para introducir ao alumnado na vida do centro, para mellorar a convivencia e facer a aprendizaxe máis pracenteira.

No caso concreto do alumnado con escasa competencia lingüística en galego consideramos necesario tratar de implicalo nas actividades organizadas desde o Equipo de Dinamización lingüística e desde outros departamentos, ofrecéndolles as axudas que fosen necesarias. Trataríase de actividades como:

- Participar en programas de **radio**, colaborar na revista **Fusquenlla**, participar en obras de **teatro**, asistir a **exposicións**, **viaxes culturais**, representacións teatrais, etc.



- Participar no **deporte escolar** (pode brindar a oportunidade de relacionarse máis e mellorar a competencia lingüística)
- Colaborar na actualización do **Taboleiro da Lingua**.
- Colaborar cos grupos de traballo que elaboren as **campañas** de fomento do uso do galego no centro.
- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega, prestándolles especial atención a todos os relacionados coas TICs.
- pór en contacto ao alumnado coa **música** galega de todos os tipos a través das clases de música, da biblioteca, das clases de lingua ou do EDL.
- Tratar de crear un **voluntariado lingüístico** para que este alumnado poida ser axudado por outros que teñan maior competencia lingüística a cambio dalgún tipo de compensación.
- Participar nas actividades recollidas no Plan Lector da biblioteca.
- Utilizar materiais audiovisuais para favorecer unha aprendizaxe activa e motivadora do idioma.
- Utilizar os medios de comunicación e as TIC para mellorar a competencia lingüística.
- Pór en marcha proxectos de intercambio epistolar con alumnado doutros centros a través do correo electrónico.
- Creación de blogs onde sexa posíbel escribir en galego sobre temas do interese do alumnado e practicar a lectura e a escrita co apoio do profesorado.
- Posta en marcha de foros trimestrais sobre temas previamente acordados.
- Acceso a páxinas Web como www.cirp.es, onde se pode obter información sobre contidos relacionados coa cultura, a lingua e a literatura galegas ou outras similares con contidos relacionados coas distintas materias e escritos en galego.
- Uso do powerpoint para que o alumnado relate o que ve e comprobar a evolución da competencia lingüística.
- Uso de xogos, videoxogos e entretementos varios en galego, como os que figuran nos anexos.




Alumnado inmigrante.

O alumnado inmigrante será obxecto de medidas de carácter organizativo e pedagóxico nos seguintes supostos:

- descoñecementos das dúas linguas cooficiais da comunidade autónoma.
- Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.
- Ser alumnado de orixe estranxeira aínda que non presente as necesidades sinaladas.

Medidas:

- Medidas de orientación e acción tutorial que incluírán plans de acollida así como de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do titor/a, coa axuda, se é o caso, do Departamento de Orientación.
- Medidas de atención escolar de tipo curricular:
 - Reforzo educativo
 - Adaptacións curriculares
 - Flexibilización de idade
- Medidas de tipo organizativo: coa finalidade de proporcionar unha atención individualizada ás súas necesidades educativas específicas, así como a súa familiarización coa vida do centro:
 - Grupos de adquisición de linguas.
O horario semanal máximo será de 24 horas, e irase reducindo progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular de aprendizaxe. O alumnado permanecerá co seu grupo de referencia nas materias de educación física, música, educación plástica e visual e titoría.
O profesorado encargado pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico. A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición de linguas.



- Grupos de adaptación de competencia curricular.

Está dirixida ao alumnado que presenta un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade e pretende a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado/a.

A permanencia nestes grupos, ata un máximo de 10 horas, levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender, se fose necesario, ao longo de todo o ano escolar. Non poderá ocupar todas as horas semanais das materias afectadas e será impartido preferentemente por profesorado das materias obxecto de reforzo.

A cualificación correrá a cargo do profesor do grupo de referencia, oído o profesorado do agrupamento, que terá que asistir tamén á avaliación.


Este alumnado será obxecto de avaliación inicial no momento da súa incorporación ao centro, e os resultados da mesma condicionarán o nivel no que debe ser escolarizado.

5. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O FOMENTO DO PLURILINGÜISMO

Áreas lingüísticas

Nas dúas linguas cooficiais e nas linguas estranxeiras:

- O enfoque será comunicativo.
- A reflexión lingüística será sempre contextualizada e contrastiva, realizando comparacións coas outras linguas do currículo.
- Partirase sempre dos coñecementos previos do alumnado.
- Co obxecto de mellorar as catro destrezas, levaranse a cabo actividades de comprensión e produción orais e escritas.
- Traballarase todo tipo de textos/documentos, variando os soportes de presentación para estimular e motivar ao alumnado.
- Elaboraranse modelos de presentación e planificación do discurso.
- Insistirase na importancia da corrección escrita: ortografía, corrección léxica e gramatical e presentación dos escritos.



- Poderanse convocar concursos de producións escritas no que haberá dúas modalidades: unha para as producións en galego (por ser a lingua a normalizar), e outra para as demais linguas.

En todas as linguas do currículo (incluídas as clásicas):

- Levarase a cabo unha integración dos contidos e da didáctica, pois unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.
- Tratarase de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o alumnado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe doutras.
- Farase un esforzo por unificar a terminoloxía.
- Nos casos en que non fose posíbel a unificación terminolóxica, elaboraranse táboas de equivalencias.


Áreas non lingüísticas:

A lingua é un instrumento fundamental no desenvolvemento das outras materias que compoñen o currículo, polo que se converte nun elemento determinante do labor educativo que reverte na propia materia e nas demais. Faise necesaria, polo tanto, unha coordinación coa materia de lingua galega e literatura e coas demais linguas do centro.

- Deberase coidar que a lingua que se usa en cada momento sexa acorde coa función coa que se usa.
- Deberase esixir unha expresión oral e escrita correctas (ortografía, corrección léxica e gramatical e presentación dos escritos).
- Traballarase a comprensión e planificación do texto oral e escrito.

Desde o curso 2015-16 o IES de Arzúa é centro bilingüe pois existe a posibilidade de cursar a área de música de 2º e 3º ESO en inglés. (No apartado 6, especificamos a distribución de áreas impartidas en cada lingua).

No curso 2016-17, incorporouse como optativa na modalidade de libre configuración de centro a área de Lingua e Cultura portuguesa en 1º e 2º BAC. A área ten unha carga horaria de 1 hora semanal e aínda que, se ben non permite unha grande profundización na competencia



dunha nova lingua, si permite - debido a proximidade entre esta lingua e o galego- unha reflexión lingüística con valoración positiva da propia lingua debido a descuberta da utilidade e rendibilidade que o galego supón como achegamento a unha lingua de comunicación internacional.


6. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, enmarca todas as súas actividades normalizadoras dentro da estratexia global do Plan Xeral de Normalización da Lingua galega (2004) actualizada polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. De feito, constitúense como puntos fundamentais para a consecución do noso proxecto algúns dos obxectivos xerais do chamado sector vertical, Educación, familia e mocidade. En particular, os referentes á área de Ensino que, a continuación, citamos:

- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os diferentes membros da comunidade educativa .
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego , a través dunha oferta de produtos de demanda no campo da cultura e do ocio.
- Desenvolver entre a mocidade os valores identitarios e funcionais da lingua galega.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.

Poderíamos dicir que, na actualidade, unha lingua sen tecnoloxía é unha lingua morta, dada a importancia e o carácter de normalidade que teñen as TIC na nosa sociedade e nas novas xeracións, engadimos, ademais, algún dos obxectivos do Plano de Normalización Lingüística, pertencentes ao sector transversal de Novas Tecnoloxías por considerarmos este sector actualmente prioritario para o futuro da lingua galega:

- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías e na telefonía móbil.
- Fornecer información sobre os produtos e recursos informáticos elaborados en galego.




De acordo cos anteriores obxectivos e tendo en conta o noso contexto sociolingüístico, a planificación normalizadora vai dirixida a todos os membros da comunidade educativa, mais especialmente ao alumnado e profesorado.

Ao alumnado, por ser a instancia última á que vai dirixida a política normalizadora e educativa; e porque ademais, no noso caso, é o punto forte que, de ningunha maneira, debemos descoidar, propoñendo actuacións destinadas a manter a competencia e afianzar o uso da súa lingua inicial, a galega, sobre todo no plano oral, pois coñecemos as dificultades que na adolescencia supón vérense mergullados/as nun modelo social que non ten como referente de modernidade o uso da lingua galega.

Ao profesorado, porque en contornos galego falantes como o noso, o emprego do galego de xeito habitual polos docentes é o camiño que garante o obxectivo normalizador que pretendemos. Contamos cunha actitude bastante favorábel á normalización no noso Centro e, polo tanto, debemos reforzala e melloralala e garantir que, cando menos, se cumpran os mínimos de docencia en galego estábelcidos na lexislación vixente.

Seguiremos medidas similares ás estábelcidas en cursos precedentes. De algunha maneira, son unha reafirmación e actualización das medidas incluídas no P.E.C. do noso Centro:

- a. Seguir os usos lingüísticos que son desenvolvidos no centro.
- b. Concienciar aos sectores da Comunidade Educativa menos sensíbeis ante as relacións lingüísticas de tipo asimétrico.
- c. Por , na medida do posíbel, a disposición do profesorado, do alumnado e de toda a Comunidade Educativa asesoramento e apoio lingüístico.
- d. Facilitar aos seminarios e departamentos os diversos materiais didácticos e informáticos en lingua galega dos que dispón o noso centro escolar.
- e. Desenvolver un labor de concienciación no que atinxe á relevancia da normalización lingüística no ámbito educacional.
- f. Inserir a normalización lingüística desempeñada no centro dentro dun contorno comunitario máis amplo e establecer contacto estreito con outras institucións que traballen nunha liña semellante: Radio Arzúa, Concellería de cultura, Servizo de Normalización lingüística do Concello de Arzúa, Centro de Información á Muller, Servizo municipal de información xuvenil, etc.



- g. Desenvolver unha campaña de actividades lingüísticas e culturais que a continuación concretamos.

6.1. ACTIVIDADES PLURIANUAIS que se comezaron a desenvolver en cursos anteriores:

6.1.1. TABOLEIRO DA LINGUA

Obxectivo:

- Sensibilizar ao alumnado en aspectos relativos á actualidade da lingua galega, facéndoo participar activamente no seguimento de noticias de prensa que aborden diferentes aspectos da nosa lingua: normalización, normativización, sociolingüística, literatura, usos e ferramentas TIC en galego, etc.

5.1.2. SAÍDAS DO CENTRO

Obxectivo:

- Trataríase de asistir a diferentes actividades de tipo cultural noutros lugares como Santiago de Compostela ou A Coruña, por ser estes os polos de atracción cultural de maior actividade e proximidade a Arzúa. Asistencia a representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, exposicións, concertos e todas aquelas actividades que se programen, na vila de Arzúa ou noutras localidades próximas.


6.1.3. COLABORACIÓN NAS CAMPAÑAS DAS CONSELLARÍAS E OUTRAS INSTITUCIÓNS RELACIONADAS COA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: CORRELINGUA 2009, PODCAST...

Obxectivo:

- Implicar ao Centro nas distintas propostas que no ámbito da normalización se desenvolvan desde órganos específicos de longo alcance. Ampliarase deste xeito a capacidade normalizadora executada no contexto estritamente educativo.

6.1.4. PRESENZA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Obxectivos:



- Preténdese acadar a máxima difusión daquelas actividades planificadas ou executadas polo ENDL así como dos posicionamentos puntuais do centro escolar con respecto a cuestións diferentes relacionadas con múltiples temáticas alén da situación ou problemática lingüística.
- Búscase, ademais, colaborar con outras entidades externas ao centro co obxectivo de potenciar a nosa lingua, neste caso, como nos anos precedentes, traballaremos con Radio Arzúa.

6.1.5 ADQUISICIÓN DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO E DIDÁCTICO

Obxectivo:

- Quérese conseguir que o centro se dote do material bibliográfico axeitado e necesario para unha correcta normalización lingüística en relación á acción de ensino e aprendizaxe. Entre os recursos didácticos de tipo bibliográfico salientan pola súa relevancia aqueles destinados á realización das actividades complementarias e extraescolares que se organicen no marco do centro escolar.

O ENL organizará un servizo de depósito de material bibliográfico que poida ser consultado por parte do profesorado. Dito depósito será actualizado de acordo coas demandas e novidades editoriais xurdidas e completará, dende un punto de vista normalizador a dotación bibliotecaria do centro. O fondo encontrárase a disposición da comunidade educativa na biblioteca do centro.


5.1.6 REVISTA DO CENTRO: *FUSQUENLLA*

Esta actividade aparece descrita no apartado "Actividades con periodicidade específica / Terceiro trimestre" por concentrarse nesas datas a maior parte do traballo de escolma de materiais para a elaboración da revista, porén o traballo vaise desenvolvendo durante todo o curso e até finais de maio, que é cando se maqueta a revista.

6.1.7. INFORMACIÓN E COLABORACIÓN CO PROFESORADO

Obxectivos:

- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, nas relacións entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.



- Facilitar información de cara a mellorar as competencias, as actitudes lingüísticas do profesorado (vencer prexuízos cara o galego e promover actitudes favorábeis á galeguización) e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.

O ENDL manterá ao profesorado permanentemente informado sobre as actividades de formación relacionadas coa sociolingüística e a planificación lingüística. (Por ex. III Seminario de Dinamización Lingüística no ensino), organizadas polas Consellerías ou outros organismos. Asesorará sobre bibliografía e materiais didácticos en lingua galega, informará sobre os recursos en galego na rede e propondrá charlas ou outras actividades de formación que considere de interese de cara á consecución dos obxectivos formulados.

6.1.8. TEATRO


Obxectivos:

- Habilitar espazos lúdico-formativos de uso da lingua.
- Desenvolver a creatividade, a espontaneidade, a correcta expresión oral e o espírito crítico.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa

6.1.9. CLUBE DE LECTURA EN COLABORACIÓN CO GRUPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

Obxectivos:

- Procurar estímulos positivos que reforcen o gusto pola lectura e, especialmente, pola lectura en galego.
- Educar na información usando recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información.
- Utilizar a biblioteca do Centro como recurso necesario e como lugar activo para relacionarse en galego.
- Fomentar a produción e a recepción de información en galego na rede de xeito crítico e autónomo.
- Crear espazos de opinión e de lecer relacionados coa lectura e fomentar as relacións persoais a través dela.



Algúns destes obxectivos coinciden cos do Proxecto Lector do Centro, promovido pola Biblioteca.

O **Proxecto lector** contempla “incorporar a lectura na práctica docente en cada materia, cunha dedicación mínima de vinte minutos semanais (no caso dos bacharelatos e ciclos non se determinan mínimos)”

Neste sentido os materiais de lectura utilizados polos diferentes departamentos na actividade lectora deben procurar fomentar o uso do galego e, polo tanto, deben estar redactados en galego.

6.1.10 CONCURSO DE CALENDARIO 2017 EN LINGUAS MINORIZADAS

Obxectivos

- Potenciar o uso da lingua galega en ámbitos diversos.
- Potenciar a creatividade e o coñecemento doutras linguas e culturas minorizadas.

6. 1.11. CAMPAÑA DE NADAL: CONCURSO DE CARTONS DE NADAL EN LINGUAS MINORIZADAS.


Obxectivo:

- Potenciar o uso da lingua galega en ámbitos diversos.
- Potenciar a creatividade e o coñecemento doutras linguas e culturas minorizadas.

6.1.12 COLOQUIO SOBRE A LINGUA GALEGA NO CONTEXTO DA LUSOFONÍA

Obxectivo:

- Profundizar na visión da lingua galega como vehículo de comunicación dentro dun sistema lingüístico amplo, como variedade diatópica dentro da lusofonía, mostrando que a lingua galega ten utilidade e que pode abrir portas profesionais, laborais, etc.



6.1.13. CAMPAÑA DESEÑADA PARA AS TITORÍAS DO CENTRO: DISTRIBUCIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE WEBS, BLOGS E RECURSOS NA REDE ESCRITOS EN GALEGO.


Obxectivos:

- Con esta actividade pretendemos cumprir o xa anteriormente citado a respecto do noso compromiso coas novas tecnoloxías (Sector transversal das Novas Tecnoloxías). Consideramos urxentísimo galeguizar á comunidade educativa nesta área xa que o alumnado arzuá de maioría galegofalante asocia a rede co castelán
